ANEXO VII. RELACIÓN DE MELLORAS QUE SE OFERTAN (SOBRE B)

Don/Dona.:	CARLOS ROSÓN VARELA
Representando á entidade:	**INSTITUTO GALEGO DE XESTIÓN PARA O 3º SECTOR – IGAXES**

En representación da entidade indicada, OFERTO as seguintes melloras na licitación con nº de expediente CPS-2022-0017 denominado: CONTRATO DE SERVIZOS, SUXEITO A REGULACIÓN HARMONIZADA (SARHA) CONSISTENTE NA XESTIÓN DO PROGRAMA MENTOR DE INSERCIÓN SOCIOLABORAL DE MOZOS E MOZAS EN RISCO SOCIAL (CONTRATO COFINANCIADO POLO FONDO SOCIAL EUROPEO NO MARCO DO PROGRAMA OPERATIVO 2021-2027)

Nº	Descrición das melloras
1	**PROGRAMA ARTESA**
2	**PROGRAMA DE APOIO PSICOSOCIAL**
3	**PROGRAMA ESPAZO DE ENCONTRO**
4	**PROGRAMA REFERENTES**

As melloras ofertadas acreditaranse documentalmente e serán incorporadas ao contrato no caso de resultar valoradas positivamente.

Na descrición e documentos que se acheguen seguirase a seguinte estrutura:

a) Denominación do programa ou servizo complementario que se oferta como mellora
b) Fundamentación
c) Obxectivos xerais e específicos
d) Desenvolvemento dos contidos
e) Actividades
f) Temporalización
g) Metodoloxía
h) Avaliación cualitativa e cuantitativa do programa ou servizo implantado

Asinado

52481365B CARLOS ALFONSO ROSON (R: G15784978)

Firmado digitalmente por 52481365B CARLOS ALFONSO ROSON (R: G15784978)
Fecha: 2022.10.12 17:55:09 +02'00'

Programa Artesa

igaxes

DENOMINACIÓN DO PROGRAMA OU SERVIZO

PROGRAMA ARTESA

FUNDAMENTACIÓN

Artesa é un programa que, a través do voluntariado corporativo desenvolvido por traballadoras e traballadores do tecido empresarial galego, pretende complementar o coñecemento do mercado e do mundo laboral que as mozas e mozos adquiren en todos os nosos programas, coa práctica, exemplos e experiencia que estes "mentores voluntarios" poden aportarlles a través das suas vivencias persoais.

Contar cun emprego estable é a mellor base para o proxecto de emancipación e autonomía de calquera moza ou mozo, especialmente daqueles en situación de risco, polo que para conseguir a integración e emancipación das mozas e mozos en dificultade social é necesario potenciar e priorizar os programas de inserción socio laboral.

Na procura de emprego que realizamos xunto as mozas e mozos que participan nos nosos programas utilizamos metodoloxías formais (envíos de cv, axencias de emprego públicas ou privadas...) e informais (potenciando as redes sociais de cada mozo,...) pero, na complicada

situación de procura e acceso ao mercado de traballo coa que se atopan as mozas e mozos, especialmente, cas que traballamos, faise necesario establecer metodoloxías innovadoras que nos permitan aumentar as probabilidades do éxito.

Son xa moitas as empresas galegas que tomaron conciencia da gravidade dos problemas sociais que as rodean e do seu papel como colaboradoras necesarias para a procura e posta en marcha das solucións. Entre os diferentes xeitos nas que as empresas xestionan esta responsabilidade social atópase o voluntariado corporativo, que é o conxunto de actividades promovidas e apoiadas por unha empresa que ten como finalidade a involucración e participación libre dos seus empregados a través da dedicación do seu tempo, capacidades e talento a causas, proxectos e organizacións sen ánimo de lucro.

En Igaxes soubemos identificar ao empresariado galego como un aliado fundamental á hora de facilitar a inclusión socio laboral das mozas e mozos en situación de desvantaxe cos que traballamos, non só a través das contratacións directas senón entendendo a contorna empresarial como a mellor escola de emprego, onde poden aprender, da experiencia de traballadoras e traballadores, aqueles valores, habilidades e motivacións que son necesarias para enfrontarse ao mundo laboral con máis garantías de éxito.

OBXECTIVOS XERAIS E ESPECÍFICOS

Obxectivos xerais

Facilitar a incorporación ao mercado laboral das mozas e mozos tutelados ou ex tutelados/as que forman ou formaron parte do Programa Mentor

Obxectivos específicos

- Converter o mundo do traballo nun terreo cada vez máis familiar deixando de velo como un ámbito alleo e/ou descoñecido.
- Preparar o seu salto ao mercado laboral con maior seguridade e confianza.
- Coñecer as necesidades de empresas e empresarios para orientar con maiores garantías de éxito os itinerarios formativos e de inserción.
- Implicar a empresas e empresarios no desenvolvemento económico e social da sociedade mais próxima, fomentando a súa participación na resolución dos conflitos que a afectan
- Facilitar o contacto entre demandantes de emprego e posibles contratantes.

- Proporcionar unha visión específica e realista dos diferentes postos de traballo en empresas.
- Sensibilizar a empresarias e empresarios e as traballadoras e traballadores sobre a realidade das nosas mozas e mozos, diminuíndo os prexuízos e os estereotipos negativos que se poidan ter deste colectivo.

DESENVOLVEMENTO DOS CONTIDOS

Artesa é un proxecto que se desenvolve grazas á colaboración altruísta de empregadas e empregados e á aposta de empresarias e empresarios polo exercicio da súa responsabilidade social desenvolvida a través de programas de voluntariado corporativo. É un proxecto de colaboración e alianza entre diferentes actores (ONG, empresas e traballadores) para mellorar as posibilidades de inclusión laboral de mozas e mozos tutelados e ex tutelados, que enriquece todos os nosos programas de inserción laboral.

Artesa é un proxecto que alínea as expectativas e motivacións da responsabilidade social de cada empresa, coas expectativas e motivacións das traballadoras e traballadores que colaboran de xeito voluntario como mentores. Entendemos que é unha metodoloxía innovadora xa que consegue un achegamento ao mercado laboral, desmontando mitos e idealismos e mostrando exemplos e condutas positivas que lles axudan a mellorar a súa motivación e autonomía á hora de enfrontarse á procura dun emprego ou de desenvolver calquera labor profesional.

Aprender do exemplo, da experiencia de persoas que buscaron e conseguiron un emprego ou que día a día se esforzan por mantelo e ser bos profesionais é un xeito práctico de asimilar aptitudes e actitudes positivas de cara á inserción laboral dos mozos e mozas.

Os valores que os mentores transmiten, de xeito totalmente solidaria, no exercicio da súa acción voluntaria complementan, de modo privilexiado, o itinerario educativo de cada moza ou mozo, ensinándolles que hai moitas maneiras de formar parte de xeito activo da sociedade e que as sociedades solidarias constrúense entre todas e todos.

ACTIVIDADES

- Presentación ao tecido empresarial do programa para que entendan a importancia de que se coñezan os valores, a cultura da empresa, o sector económico e os postos a cubrir de xeito específico, baixo a voz da súa experiencia

- Visitas periódicas a empresas
- Captación de mentores voluntarias e voluntarios
- Adestramento de habilidades propias do networking e de busca activa de emprego
- Realización de actividades propias do sector nas diferentes empresas visitadas
- Realización de adestramentos para fortalecer a confianza a hora de buscar un emprego ou definir o itinerario profesional
- Estruturar o mapa de sectores económicos e recursos empresariais do entorno
- Artesa 2.0 – acompañamento empresarial individualizado

TEMPORALIZACIÓN

A temporalización deste programa é anual

METODOLOXÍA

Artesa é un proxecto xestionado a través dun voluntariado corporativo polo que a metodoloxía de traballo segue a mesma lóxica que calquera ciclo de xestión do voluntariado: planificación, incorporación e capacitación, execución da acción voluntaria, recoñecemento, avaliación.

Planificación: Cada empresa ten unha estratexia de responsabilidade social e de voluntariado corporativo polo que é necesario facer unha planificación conxunta na que se poñan en valor os intereses da empresa e os de Igaxes de tal xeito que o proxecto de resposta a todas as demandas suscitadas. Para iso realízanse contactos telefónicos e entrevistas persoais cos responsables da empresa, onde o responsable do Programa Artesa explica o proxecto e o que queremos conseguir con el, escoitamos as expectativas de cada empresa e planificamos de xeito conxunto as accións a executar. (visitas á empresa, charlas, días de portas abertas)

Incorporación e capacitación: por unha banda cada empresa decide como vai comunicar as súas traballadoras e traballadores a posibilidade de participar no programa e as condicións de participación e doutra banda desde Igaxes tamén seleccionamos ás mozas e mozos que queren participar no programa asegurando o seu compromiso de participación activa. Realízanse os labores de sensibilizarnos e formación das mentoras e mentores necesarias para o desenvolvemento das actividades suscitadas.

Execución da acción voluntaria: cada mentor ou mentores realiza xunto cas mozas e mozos a planificación acordada, xa sexan charlas, sesións formativas, visitas a postos de traballo, visitas a empresas. A todas as actividades os mozos e mozas acoden xunto ao profesional responsable do programa Artesa.

Recoñecemento: accións específicas destinadas a valorar a achega do voluntariado e recoñecer o seu labor, recordos das nosas visitas, agradecementos públicos, notas de prensa...

Avaliación de resultados: retorno para a empresa, o voluntario ou a voluntaria, as e os participantes e a nós mesmos como entidade. Para iso realizamos enquisas de satisfacción, identificación e medición de indicadores, establecemento de índices de éxito, reunións de seguimento e mellora continua.

ARTESA 2.0 : PROGRAMA DE COACHING EMPRESARIAL INDIVIDUALIZADO

O contido de cada unha das sesións sintetizámolo así:

Sesión 1: *Que queres conseguir?*

Nesta sesión inicial, as persoas mentora e mentorada comezan a coñecerse e a construír o vínculo de mentoría. Guiada pola primeira, a moza ou mozo visita as instalacións e departamentos principais da empresa, entrando en contacto con responsables e traballadores/as. Despois a persoa mentora pode axudarlle a identificar intereses ou motivacións para avanzar no proceso.

Sesión 2: *En que podo axudarche?*

Nesta sesión a persoa mentora convértese nunha auténtica adestradora persoal para axudar a moza ou mozo a traballar competencias e habilidades críticas para traballo (conduta social, habilidades de comunicación, traballo en equipo, etc.). Tomando como base a súa propia experiencia e coñecementos, a persoa mentora escoita a mentorada, fai preguntas abertas, indaga nas súas dúbidas e preocupacións, alenta as súas motivacións e aconsella para a mellora das competencias abordadas.

Sesión 3: *Adestrando competencias*

Esta sesión está adicada a poñer en práctica o aprendido na sesión 2 mediante un exercicio de role-play que simule unha situación real (unha entrevista de selección, unha situación a resolver no posto de traballo, etc.). Trátase de que a persoa mentorada adestre habilidades de resposta, xestión da dificultade, comunicación, traballo en equipo, etc., contando coa axuda e o *feedback* da sua mentora ou mentor.

Sesión 4: *O plan de acción*

A sesión final está adicada traducir toda a aprendizaxe da mentoría nun plan real de acción. Coa axuda da súa persoa mentora, a moza ou mozo vai deseñando os pasos do que vai ser o seu camiño cara á inserción laboral. Debe tratarse dun plan concreto e alcanzable nun prazo de 4-6 meses, con accións específicas coas que se deberá comprometer expresamente. A persoa mentora verbalizará as aprendizaxes e fortalezas que observou para empoderar e alentar a conseguilo.

Que apoio recibe o mentora ou mentor?

Cada persoa mentora contará co apoio e asesoramento permanente dun profesional de Igaxes. Antes de comezar haberá unha sesión previa na que se lle revelará a identidade da moza ou mozo mentorada, con información básica sobre a súa formación e orientación laboral, ademais dunha serie de pautas e ferramentas útiles para o proceso.

Unha vez iniciado o proceso, antes e despois de cada sesión, a mentora ou mentor e a o persoal técnico de Igaxes asignado manterán unha conversa na que resolver dúbidas, recibir orientación específica ou planificar os seguintes pasos de maneira óptima.

Unha vez finalizado o programa, a persoa mentora recibirá periodicamente un retorno sobre a situación e logros da súa persoa mentorada para coñecer o impacto positivo que tiveron as aprendizaxes da mentoría no seu proceso persoal.

AVALIACIÓN CUANTITATIVA E CUALITATIVA DO PROGRAMA

AVALIACIÓN CUANTITATIVA:

- ✓ Nº DE MOZAS E MOZOS
- ✓ Nº DE MENTORES VOLUNTARIOS/AS
- ✓ Nº DE EMPRESAS VISITADAS
- ✓ Nº DE VISITAS REALIZADAS
- ✓ Nº DE RELACIÓNS INICIADAS
- ✓ Nº DE XORNADAS DE FORMACIÓN REALIZADAS
- ✓ Nº DE XORNADAS DE AVALIACIÓN REALIZADAS

AVALIACIÓN CUALITATIVA:

- ✓ **Cuestionarios de satisfacción** cubertos tanto polas e polos participantes como polo persoal voluntario que forma parte do proxecto, de onde se obterán as opinións e valoracións das relacións establecidas.

- ✓ **Reunións de seguimentos periódicas** cos/as responsables de cada área do proxecto para tratar de resolver as dúbidas e os pequenos obstáculos que xurdan no día a día e que podan entorpecer a relación. Así como para poder atallar os inconvenientes estruturais, loxísticos, persoais, sociais ou de calquera outro eido que se produzan durante o desenvolvemento de dito programa.
- ✓ **Entrevistas persoais** tanto cos/as participantes coma co persoal voluntario onde expresen as súas opinións e p

Programa de Apoio Psicosocial

igaxes

DENOMINACION DO PROGRAMA OU SERVICIO

PROGRAMA DE APOIO PSICOSOCIAL

FUNDAMENTACIÓN

O apoio psicosocial refírese ao conxunto de accións que promoven o benestar de cada unha das persoas. Tanto no entorno psicolóxico como no entorno social e comunitario. Hai en cada persoa dúas esferas esenciais a psicolóxica e a social. O desequilibrio nunha desas esferas impactará na outra.

A dimensión psicolóxica conten o que sentimos e pensamos, mentres que a dimensión social está integrada pola nosa familia, amigos, compañeiros de traballo, e a comunidade en si.

A estabilidade psicosocial é un equilibro da relación entre a mente e a sociedade.

OBXECTIVOS XERAIS E ESPECÍFICOS

Obxectivo xeral

Este servizo ten como finalidade garantir o benestar emocional e o axuste psicosocial das mozas e mozos e do seu contorno familiar.

Obxectivos específicos

- Favorecer o auto coñecemento a través do apoio psicolóxico ofrecendo ferramentas que favorecen o desenvolvemento persoal para afrontar retos ou situacións difíciles, potenciando os recursos de cada persoa e aprendendo novas habilidades.
- Ofrecer sociopsicolóxica; inmediata, individualizada e confidencial que permite fortalecer a saúde psicolóxica e reducir o malestar emocional a curto e longo prazo.

DESENVOLVEMENTO DOS CONTIDOS

O Servicio de Atención Psicosocial está orientado ao traballo cas mozas e mozos e as súas familias e profesionais das vivendas tuteladas e asistidas.

ACTIVIDADES

As actividades que se realizan dentro de dito servicio son as seguintes:

- Entrevistas cas mozas e mozos
- Avaliación psicolóxica e das habilidades das mozas e mozos
- Atención directa e intervención cas mozas e mozos
- Planificación, elaboración e avaliación dos programas de intervención individuais
- Asesoramento e orientación ás familias no caso que sexa posible.
- Asesoramento e acompañamento aos profesionais das vivendas
- Atención urxente en situacións de crise
- Formación en habilidades sociais

TEMPORALIZACIÓN

O programa ten unha temporalización anual.

METODOLOXÍA DE TRABALLO

A literatura e a experiencia ensínanos que todo proceso-problema está formado por diversas forzas en continua dialéctica que son as que actúan como mantedoras, superadoras ou degradadoras de devandito proceso-problema. Tradicionalmente agrúpanse en condicións obxectivas e condicións subxectivas. Actualmente, nós, a partir das achegas da psicoloxía social podemos subdividir esas condicións subxectivas e podemos engadir o papel que no proceso-problema xoga a persoa. Por condicións obxectivas entendemos o factor ou conxunto de factores, non atribuíbles nin aos suxeitos nin ao seu comportamento colectivo, e que actúan facilitando ou dificultando as condutas características do proceso problema, co que nos enfrontamos. Mais operativamente, podemos considerar como condicións obxectivas: o espazo físico-natural, o nicho ecolóxico, o urbanismo, a vivenda, todos os sistemas sociais, as leis, a organización, as normas, etc.- Os profesionais sabemos que, para explicar e intervir nun proceso-problema, ademais das condicións obxectivas, debemos ter en conta as condicións subxectivas. As condicións subxectivas son o factor ou o conxunto de factores que definen e caracterizan ao proceso-problema e que son atribuíbles ao comportamento colectivo das persoas que están comprendidas nel. As condicións subxectivas poden subdividirse -en dous grandes compoñentes: A SITUACIÓN e A POSICIÓN. A situación pode entenderse como as costumes, o comportamento cotián, os ritos colectivos, as condutas sociais aceptadas, as expectativas de actuación que temos sobre o outro como adecuadas á interacción, etc. Unha vez establecida a cultura do social, propia da situación, esta actúa como mantedora do proceso-problema. A POSICIÓN, por diferenza á situación, fai referencia ás ideoloxías, ás explicacións compartidas, aos sistemas de regulación informativos que teñen as persoas que están comprendidas na situación. A súa orixe remota está baseada nas experiencias dos individuos, a súa orixe próxima baséase na capacidade colectiva de establecer un discurso que sirva para explicar a situación e, así, poder mantela ou transformala. O discurso tradicional parábase aquí, hoxe incluímos o individuo como persoa, como un dos factores principais que incide no proceso-problema Se non queremos percorrer ao desclasamiento nin á descontextualización, consideraremos que cada unha das persoas que está no problema teñen unha potencia de enfrontamento ao mesmo. Potencia constituída pola súa experiencia, capacidades e habilidades adquiridas.

En base a esta exposición o noso obxectivo é mellorar o benestar emocional e o axuste psicosocial das mozas e mozos e do seu contorno familiar a través do acompañamento dun equipo multidisciplinar de Psicólogo e educadores sociais para que poidan adquirir e potencias as ferramentas que permitan e que estarán a disposición das vivendas para, da man dos equipos educativos, traballar conxuntamente.

AVALIACIÓN CUANTITATIVA E CUALITATIVA DO PROGRAMA DE CADA ACTIVIDADE

AVALACIÓN CUANTITATIVA:

- Nº persoas atendidas
- Nº formacións realizadas
- Nº acompañamentos
- Nº intervencións realizadas
- Nº actividades realizadas de forma individual
- Nº actividades realizadas de forma grupal

AVALIACIÓN CUALITATIVA:

- ✓ **Cuestionarios de satisfacción** cubertos polas e polos participantes que forman parte do proxecto, de onde se obterán as opinións e valoracións das intervencións realizadas.

- ✓ **Reunións de seguimentos periódicas** co persoal responsable de cada área do proxecto para tratar de resolver as dúbidas e os pequenos obstáculos que xurdan no día a día e que podan entorpecer o apoio. Así como, para poder atallar os inconvenientes estruturais, loxísticos, persoais, sociais ou de calquera outro eido que se produzan durante o desenvolvemento de dito programa .

- ✓ **Entrevistas persoais** cos/as participantes onde expresen as súas opinións e dificultades no proceso.

Programa Espazo de Encontro

igaxes

DENOMINACION DO PROGRAMA OU SERVICIO

ESPAZO DE ENCONTRO

FUNDAMENTACIÓN

A necesidade de asegurar a inserción socio laboral das mozas e mozos que estiveron baixo unha medida de protección, foi nos últimos tempos un tema de gran calado social tal e como recolle textualmente o Preámbulo da Lei 26/2015, de 28 de xullo, "Modificación do Sistema de Protección á Infancia e á Adolescencia", na que se ten incluído un artigo (22 bis) que recolle a idoneidade de establecer programas de apoio tralo cese das medidas de protección para aqueles mozos menores ou maiores de idade que o necesiten.

Esta necesidade responde a unha realidade identificada en diversos estudios que sinala que *"Os procesos de emancipación de ida e volta -tamén denominados traxectorias yo-yo, vólvense frecuentes no acceso aos diferentes espazos de autonomía; os roles vitais xuvenís tórnanse confusos, cambian en pouco tempo, e provocan situacións desconcertantes para todos, especialmente para as xeracións precedentes, pouco afeitas a esta circularidade e indefinición. A diversidade de situacións sociais que é posible experimentar acrecéntase, e os modos de vida tradicionais (organización familiar en torno ao matrimonio, vivenda estable, carreira profesional consecuencia dos estudos cursados) van perdendo terreo fronte a unha configuración máis individualizada, particularizada, das traxectorias vitais persoais"*.(Du-Bois Reymond e López Blasco,2004; Bendit e Stokes, 2004)

As mozas e mozos que pasaron polo Programa Mentor non son alleos a estes procesos de emancipación "de ida e volta", elas e eles tamén pasan por esas situacións desconcertantes, complicadas, en certos casos, fan que volvan necesitar un apoio externo para poder concluír os seus procesos de independencia dun xeito sostible.

Pero no so estamos a falar do ámbito laboral senón tamén do ámbito persoal, xa que ambos aspectos son pilares fundamentais para dar unha estabilidade a moza ou mozo e conseguir manter a súa vida independente. Este programa que Igaxes desenvolve ofrecerá un espazo de encontro para mozas e mozos que pasaron polo programa Mentor e, por diferentes circunstancias, necesitan distintos apoios para retomar o seu proxecto de vida.

OBXECTIVOS XERAIS E ESPECÍFICOS

OBXECTIVO XERAL

Promover e garantir a incorporación social, laboral e funcional das mozas e mozos ex tutelados que se atopen en situación ou risco de desvantaxe social.

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS

- Mellorar a empregabilidade das mozas e mozos participantes no programa, entendendo por empregabilidade o conxunto de características persoais (habilidades sociais para o emprego) e profesionais (formación, experiencia..) que permiten a unha persoa satisfacer as demandas de ocupación do mercado de traballo.
- Desenvolver un seguimento socioeducativo personalizado para cada moza e mozo, identificando as principais carencias e dificultades e establecendo, de acordo con cada participante, aquelas accións que poidan mellorar as súas capacidades e habilidades para acadar o seu proceso de emancipación:
    - Mellora das competencias comunicativas
    - Mellora do uso das novas tecnoloxías como medio para a inclusión laboral e social
- Mellorar a capacidade de autoxestión destes e destas mozas e mozos, facilitándolles o coñecemento da rede de recursos que teñen para o desenvolvemento dos seus propios itinerarios de inserción incluíndo as ferramentas informáticas e redes sociais como medios de integración laboral.
- Acompañar as mozas e mozos na creación de espazos seguros para o seu desenvolvemento persoal.
- Apoiar e acompañar a estas mozas e mozos na xestión do seu ocio e tempo de lecer.

DESENVOLVEMENTO DOS CONTIDOS

Espazo de Encontro é un programa de axuda e acompañamento onde o protagonista exclusivo do seu proceso é cada moza e mozo, deles depende en maior medida o cumprimento dos obxectivos propostos na súa intervención.

Neste espazo reforzaranse os contidos acadados previamente no programa Mentor (autonomía, educación, orientación laboral, educación no ocio e tempo de lecer...) cunha orientación centrada na corresponsabilidade e participación activa de cada moza e mozo. Os nosos anos de experiencia xestionando o Programa Mentor e outros programas orientados á inserción socio laboral das persoas máis vulnerables, o noso compromiso co traballo en rede como espazo de intercambio e xeración de sinerxías, e a nosa aposta coa investigación social desenvolvida en rede coas Universidades, fannos moito máis sensibles e receptivos aos cambios, moitas veces moi rápidos, que se dan nas mozas e mozos do programa, na sociedade ou nos propios mercados laborais, polo que é necesario crear e manter espazos onde as mozas e mozos poidan acudir para buscar apoio ou asesoramento.

Saber recoñecer estas realidades cambiantes leváronnos a dotar aos nosos programas dunha flexibilidade que se fai imprescindible para dar a resposta máis achegada a cada moza e mozo, en función das súas principais necesidades e da contorna, así como do coñecemento previo do seu plan de vida autónoma. Un programa flexible pero desenvolvido de xeito planificado, sistemático e baseado en mellora continua.

O obxectivo principal céntrase fundamentalmente no acompañamento na **inserción laboral e social** por medio dun proceso no que se fomenta que mozas e mozos sexan protagonistas activas non seu proceso de inserción social, de tal xeito que se convertan en cidadanía con capacidade de entender e respectar os plenos de dereitos e obrigas que isto conleva. Alén dun proceso de empoderamento, e todo isto non podemos facelo nós sos, buscamos aliados entre os diferentes axentes da sociedade (mundo empresarial, mundo educativo, comunidade, redes informais, redes de ocio e lecer...) co fin de que cada moza ou mozo que participa neste programa se de conta de que eles non só son parte da sociedade, senón que é a súa responsabilidade contribuír ao seu desenvolvemento sendo unha parte importante e activa da mesma.

Os contidos que desenvolve o programa céntranse en traballar a **competencia emocional, a competencia social, a capacidade comunicativa, a adaptabilidade ao medio, a iniciativa persoal, a motivación persoal, a capacidade para construír rede social formal ou informal a través de actividades de lecer e, por suposto, a inserción laboral.**

O ámbito territorial do Programa abrangue toda a comunidade autónoma de Galicia.

Traballaremos con unha media de poboación de 50 mozas e mozos tiveron participado no programa Mentor e que se atopan nun momento de dificultade puntual tanto a nivel laboral como persoal.

Ademais, desenvolvéronse accións de **dixitalización** no seo de accións formativas desenvoltas por esta entidade tales como; competencias dixitais, administración electrónica, adestramento en networking, preparación de entrevistas de traballo a nivel individual e entrevistas de grupo, coaching grupal e individual.

ACTIVIDADES

ÁMBITO LABORAL

- Asesoría en materia de contratos.
- Consulta e asesoría en materia salarial (Conceptos retributivos, aplicación de clausulado de convenios colectivos en materia de retribucións).
- Servizo de consulta en materia de afiliación e cotización a Seguridade Social.
- Servizo de consulta en materia de prestación da Seguridade Social (invalidez, xubilación, incapacidade temporal, viuvez, accidente de traballo, ...).

- Adestramento en técnicas de información e comunicación para a busca activa de emprego, tanto de xeito individual como colectivo.
- Seguimento continuo do mapa de recursos e publicación de ofertas de emprego en todo tipo de medios (portais de emprego, redes sociais, prensa... etc).
- Oferta de programas formativos para o emprego e autonomía.
- Distribución de mapa de recursos en rede para cada participante e procedencia.
- Adestramento en habilidades sociais para o emprego.
- Promoción de formación alternativa para a reciclaxe educativa/laboral.
- Acceso a soportes informáticos e adestramento para a busca activa de emprego a través de internet.
- Adestramento en entrevistas de grupo e entrevistas individuais.
- En xeral as actuacións propias na esfera social do dereito na súa relación ca empresa.

AMBITO LEGAL E ADMINISTRATIVO

- Redacción de escritos e alegacións sinxelas que non supoñan tramitación de expedientes administrativos nin xudiciais.
- Asesoría xurídico-laboral xeral.

ÁMBITO FAMILIAR E PERSOAL

- Información xeral de dereitos.
- Orientación legal en materia familiar.
- Violencia de xénero e intrafamiliar.
- Asesoramento en dereito de prestacións sociais.
- Arrendamentos urbanos e dereitos hipotecarios.
- Apoio psicolóxico.

ÁMBITO DE OCIO E TEMPO DE LECER

- Información sobre recursos de ocio e tempo de lecer.
- Realización de obradoiros e actividades de planificadas de ocio.
- Acompañamento social e promoción de la participación social.
- Actividades de mellora de la motivación.

- Actividades de promoción de hábitos de vida saudables a través do ocio e o tempo de lecer.
- Fomento do voluntariado.
- Creación de redes sociais e persoais a través de actividades no tempo de lecer.

TEMPORALIZACIÓN

O programa ten unha temporalización anual

METODOLOXÍA DE TRABALLO

Ao seren un proceso de axuda e acompañamento e, tal e como sinalamos anteriormente, a moza ou mozo é o protagonista exclusivo do seu proceso e do que depende en maior medida o cumprimento dos obxectivos propostos, o profesional ten como función acompañar e axudar na medida do posible favorecendo o protagonismo do participante.

A metodoloxía de traballo baséase nunha valoración individualizada de cada participante realizada por un profesional a través de entrevistas persoais, unha recolleita da información do seu paso polo programa Mentor.

Posteriormente a esta valoración desenvólvese un itinerario personalizado para cada moza ou mozo, establecendo de xeito conxunto con eles os obxectivos a conseguir, a temporalización e as tarefas e actividades a desenvolver.

A intervención realízase a través de actividades propias ou externas, individuais ou de grupo, para o desenvolvemento das competencias persoais, sociais e laborais e sobre todo a través do acompañamento e axuda para que cada mozo ou moza, de xeito cada vez mais autónomo, sexa capaz de xestionar as súas propias necesidades.

O persoal técnico establecerá os seguimentos necesarios, que poden ser presenciais, on line ou telefónicos, así como as avaliacións, revisións e propostas de melloras que poidan ir xurdindo.

AVALIACIÓN CUANTITATIVA E CUALITATIVA DO PROGRAMA DE CADA ACTIVIDADE

AVALACIÓN CUANTITATIVA

- N° persoas atendidas.
- N° ofertas enviadas.
- N° inserciónns.
- N° derivacións e/ou contactos con entidades da rede.
- N° persoas derivadas a formación.
- N° persoas formadas.

- Nº persoas insertadas que recibiron formación.
- Nº inserciónns do programa.
- Nº itinerarios personalizados de inserción iniciados.
- Nº baixas.
- Nº itinerarios personalizados de inserción finalizados.
- Nº actividades de grupo.
- Nº cursos impartidos.
- Nº participantes que accederon a soportes informáticos.
- Nº de entrevistas de traballo que realizaron.
- Nº accións formativas
- Nº consultas realizadas.
- Nº titorías de seguimento.
- Nª de actividades de ocio realizadas.
- Nº actividades de voluntariado realizadas.

AVALIACIÓN CUALITATIVA:

- ✓ **Cuestionarios de satisfacción** cubertos polas e polos participantes que forman parte do proxecto, de onde se obterán as opinións e valoracións das intervencións realizadas.

- ✓ **Reunións de seguimentos periódicas** co persoal responsable de cada área do proxecto para tratar de resolver as dúbidas e os pequenos obstáculos que xurdan no día a día e que podan entorpecer o apoio. Así como, para poder atallar os inconvenientes estruturais, loxísticos, persoais, sociais ou de calquera outro eido que se produzan durante o desenvolvemento de dito programa .

- ✓ **Entrevistas persoais** cas e cos participantes onde expresen as súas opinións e dificultades no proceso.

- ✓ **Análise de tendencias dos indicadores** de avaliación.

Programa Referentes

igaxes

DENOMINACIÓN DO PROGRAMA OU SERVIZO

PROGRAMA REFERENTES

FUNDAMENTACIÓN

Case todas as persoas tivemos, dun modo ou doutro, algún referente na nosa vida. Unha persoa ou varias que foron o noso punto de referencia, a guía que nos axudou a madurar o noso proxecto vital e a ser o que somos na actualidade.

Traballamos a carón das mozas e mozos en situación de dificultade social. Cada unha destas persoas é especial e diferente ás demais e por iso ten un proceso de intervención singularizado. Porén, todas comparten unha condición: antes ou despois, nalgún momento das súas vidas, deixaron de contar co apoio das súas familias, por esta razón medraron en centros de protección da administración pública e tiveron que afrontar unha traxectoria vital de especial complexidade.

Amosan unha maior vulnerabilidade respecto á xuventude que vive unha situación normalizada e todas e todos teñen en común a ausencia de referentes adultos efectivos, alén dos equipos profesionais que os acompañan.

As persoas que participan neste proxecto non son unha excepción: tamén elas teñen ou tiveron os seus propios referentes. É moi importante que as mozas e mozos sen apoio familiar poidan contar tamén cos seus puntos de referencia particulares.

A necesidade de referentes é algo que nos iguala a todas as persoas e o concepto de igualdade está no centro da integración social.

Referentes é un proxecto destinado a encontrar persoas en Galicia que queiran acompañar voluntariamente a mozas e mozos sen apoio familiar no seu camiño cara á emancipación. Buscamos referentes adultos que lles permitan ampliar a súa rede social e camiñar con máis seguridade.

Estas mozas e mozos, de idades comprendidas entre os 16 e os 25 anos, viviron unha situación de dificultade que os conduciu ao desamparo. A maioría son de orixe galega, pero tamén magrebí, subsahariana, iberoamericana...

A aposta polo traballo en Rede de Igaxes nos leva a compartir as mellores prácticas que coñecemos a través da nosa colaboración con outras federacións e entidades, Referentes é un proxecto que ten a súa orixe na campaña Big Influence -da organización británica Chance UK-, importada para a área de Barcelona pola Associació Punt de Referència.

OBXECTIVOS XERAIS E ESPECÍFICOS

OBXECTIVO XERAL

Facilitar o proceso de transición da vida autónoma das mozas e mozos a través do acompañamento de voluntarias e voluntarios adultos referentes que contribúa a ampliar a súa rede social e a camiñar con máis seguridade.

OBXECTIVO ESPECÍFICO

- Apoiar o proceso de emancipación das mozas e mozos en conflito social do programa.
- Favorecer unha relación de confianza, escoita activa, apoio, diversión e aprendizaxe.
- Fomentar actividades de ocio responsable.
- Posibilitar que as mozas e mozos coñezan unha realidade diferente da propia.
- Artellar a implicación cidadá voluntaria como parte da solución dos problemas sociais máis próximos, mellorando a cohesión social dos nosos pobos e cidades.

DESENVOLVEMENTO DOS CONTIDOS

Referentes é un proxecto de voluntariado que xurde da necesidade de apoio que teñen as mozas e mozos e adolescentes sen apoio familiar para afrontaren o seu camiño cara a unha vida independente. Este proceso tan complexo require de acompañamento educativo por parte do noso equipo de profesionais, pero ademais é imprescindible un apoio emocional adulto fóra do sistema de protección de menores.

Por esta razón buscamos a participación de persoas alleas ao ámbito do social que estean dispostas a asumir o rol de referente da moza ou mozo para confiar, escoitar, aconsellar, divertirse, aprender, consolarse ou coñecer unha realidade diferente da propia. Alguén que lle axude a ampliar a súa rede social e camiñar con máis seguridade.

Para iso contamos con unha coordinación do proxecto que identifica ás candidatas e candidatos para Referentes, realizando unha tarefa prospectiva de busca e identificación e tamén recibindo as candidaturas espontáneas que nos chegan de persoas que coñeceron o programa.

Unha vez informados dos pormenores, aqueles que o desexen asinan o seu compromiso de voluntariado e reciben a formación necesaria para o desenvolvemento das súas funcións, en coordinación cos equipos de profesionais de IGAXES que se encargan de emparellas ás mozas e mozos que queiran participar no programa con cada mentora ou mentor en base a afinidades, necesidades e posibilidades de éxito da relación.

Comezada a relación esta é supervisada polos equipos de profesionais e coa coordinación do programa, apoiase o proceso de mentoring, realizando un seguimento individualizado, co persoal voluntario de Referentes e as mozas e mozos e comprobando os índices de satisfacción das partes e avaliando formalmente, ao menos unha vez ao ano coa participación dos/as Referentes e as mozas e mozos o programa para identificar fortalezas e debilidades e establecer melloras de maneira continua.

ACTIVIDADES

➔ DESENVOLVEMENTO E COORDINACIÓN

a. **Recepción de solicitudes e contacto coas candidatas e candidatos** . A coordinación do programa recibe a solicitude de participación por parte da persoa interesada (vía formulario web na páxina www.igaxes.org). A continuación, contáctase coa persoa para concertar unha entrevista persoal, sempre e cando se reúnan os requisitos mínimos (ser maior de 25 anos e non ter relación académica nin profesional cos eidos da educación social, traballo social, psicoloxía ou pedagoxía).

b. **Entrevista persoal coas candidatas e candidatos** A coordinación do programa desprázase á localidade onde reside a persoa candidata e mantén con ela un encontro persoal para transmitirlle as características e obxectivos do proxecto, o entrevista on line no caso de ser mais áxil. A persoa candidata expón os seus intereses e posibles achegas ao programa.

c. **Procesos de alta de voluntarias e voluntarios**. A coordinación do programa comunícalle a alta á persoa considerada apta, que pasa a formar parte do programa Referentes, e convócaa á xornada inicial de formación. Ademais, procede a efectuar a alta na base de datos de voluntariado de Referentes; emite acordo de colaboración, que deberán asinar voluntario/a e entidade; e deseña e emite a tarxeta persoal de voluntario/a.

d. **Xornadas de formación**. A Coordinación do programa, xunto con profesionais da entidades especializados, , reúnense coas persoas voluntarias da área e proporciónanlles o coñecemento e ferramentas necesarias para comezar cos encontros.

e. **Posta en marcha das relacións**. En diálogo entre o equipo educativo da área e a coordinación do programa, realízase a asignación de pares (moza ou mozo – referente) e márcase a data de celebración do primeiro encontro entre os dous, no que estará presente o persoal educativo.

f. **Seguimento das relacións**. Cada unha das mozas e mozos autoxestiona o desenvolvemento das súas relacións co/a seu/súa Referente, marcando as datas e tipo de encontros, así como os contidos dos mesmos. Ademais, existe un seguimento continuo por parte do equipo educativo e da coordinación do programa, o cal, mantén conversa telefónica semanal para obter información da evolución dos encontros, tanto desde a perspectiva das mozas e mozos, como dos voluntarias e voluntarios. Cada dous meses, o responsable mantén conversa telefónica ou presencial con cada persoal voluntario.

g. **Xornadas de avaliación**. Cada catro meses, os grupos de voluntariado de cada cidade reúnense para poñer en común as súas experiencias. A coordinación do programa e o persoal educativo escoitan, aconsellan e, se é de caso, reorientan certos aspectos do desenvolvemento das relacións.

➔ DIFUSIÓN E CAPTACIÓN DE VOLUNTARIADO

a. **Oferta de voluntariado na web www.igaxes.org**

b. **Difusión de información e novidades do programa vía redes sociais** (perfís de Igaxes en Facebook e Twitter e Instagram).

c. **Contacto coas oficinas de voluntariado** das universidades de Santiago (Campus Lugo) e Vigo (Campus Ourense) a fin de incorporar o programa Referentes á oferta de voluntariado das institucións e promover o proxecto entre o estudantado.

TEMPORALIZACIÓN

A temporalización deste programa é anual

METODOLOXÍA

A metodoloxía de intervención e a operante participativa, é dicir, aquela na que as mozas e mozos son os protagonistas do seu propio proceso de desenvolvemento. IGAXES pretende que con este proxecto, as mozas e mozos que están inmersos no seu proceso de desenvolvemento psíquico, persoal, formativo e social, tomen as rendas da súa propia vida e non se comporten como meros/as espectadores/as do que esta a acontecer nas súas vidas a curto prazo, senón que sexan quen de tomar decisións axeitadas e dirixir as súas vidas cara aos obxectivos que pretenden acadar.

A capacidade de autonomía e empoderamento, son os principais alicerces para que as mozas e mozos constrúan sobre eles o seu futuro.

AVALIACIÓN CUALITATIVA E CUANTITATIVA DO PROGRAMA DE CADA ACTIVIDADE

AVALIACIÓN CUANTITATIVA:

- ✓ N° de mozos e mozas.
- ✓ N° de mentores e mentoras.
- ✓ N° de candidaturas recibidas.
- ✓ N° de persoas entrevistadas.
- ✓ N° de altas no programa.
- ✓ N° de relacións iniciadas.
- ✓ N° de xornadas de formación realizadas.
- ✓ N° de xornadas de avaliación realizadas.

AVALIACIÓN CUALITATIVA:

- ✓ **Cuestionarios de satisfacción** cubertos tanto polas como polos participantes como polo persoal voluntario que forman parte do proxecto, de onde se obterán as opinións e valoracións das relacións establecidas.

- ✓ **Reunións de seguimentos periódica** cos responsables de cada área do proxecto para tratar de resolver as dúbidas e os pequenos obstáculos que xurdan no día a día e que podan entorpecer a relación. Así como para poder atallar os inconvenientes estruturais, loxísticos, persoais, sociais ou de calquera outro eido que se produzan durante o desenvolvemento de dito proxecto.

- ✓ **Entrevistas persoais** tanto cas e cos participantes coma co persoal voluntario onde expresen as súas opinións e dificultades no proceso.